

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 4 de abril de 2014, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.*

A Orde do 4 de abril de 2014 (DOG do 14 de abril) convocou as axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes para o ano 2014, en réxime de concorrencia competitiva.

Unha vez rematada a tramitación establecida na convocatoria, de acordo co establecido no artigo 7 da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola Comisión de Selección a través da Secretaría Xeral de Universidades, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro. Concederlles ás universidades do Sistema universitario de Galicia as axudas que a seguir se relacionan (con indicación do investigador principal e a duración do proxecto subvencionado), para o desenvolvemento dos proxectos presentados, na contía que se indica en cada caso.

Nº de expediente	Solicitante	Universidade	2014	2015	2016	2017	Data de inicio	Data de fin
EM2014/007	Alonso Veloso, M <sup>a</sup> José	USC	10.000	29.000	40.000	18.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/011	Amorín López, Manuel	USC	11.000	30.000	380	18.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/030	Calviño Cancela, María	UVigo	11.000	32.000	39.000	15.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/024	Castro Álvarez, José María	USC	10.000	10.000	13.000	12.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/032	Cid Araújo, José Ángel	UVigo	8.000	5.000	8.000	9.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/022	Coelho Cotón, Alberto José	USC	35.000	32.000	19.000	11.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/033	Curty Alonso, Marcos	UVigo	11.000	31.000	38.000	17.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/036	De la Torre Ramos, Laura	UVigo	14.000	25.000	55.000	0	14.5.2014	30.11.2016
EM2014/053	Depalma Ungaro, Renée	UDC	10.000	25.000	30.000	31.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/009	Díaz Ramos, José Carlos	USC	10.000	24.000	28.000	31.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/003	Díaz Varela, Ramón	USC	15.000	42.000	19.000	20.000	14.5.2014	14.5.2017



Nº de expediente	Solicitante	Universidade	2014	2015	2016	2017	Data de inicio	Data de fin
EM2014/039	González de Prado, Begoña	UVigo	10.000	30.000	34.000	23.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/006	Gradaílle Pernas, Rita	USC	9.000	22.000	18.000	0	14.5.2014	30.11.2016
EM2014/051	López Rodríguez, Jesús	UDC	12.000	33.000	30.000	22.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/041	Moldes Moreira, Diego	UVigo	26.000	27.000	28.000	15.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/001	Mora Gutiérrez, Azucena	USC	16.000	39.000	41.000	0	14.5.2014	30.11.2016
EM2014/012	Mucientes Molina, Manuel	USC	16.000	33.000	33.000	15.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/040	Nieto Faza, Olalla	UVigo	17.000	33.000	30.000	17.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/043	Nieto Muñiz, Raquel Olalla	UVigo	12.000	38.000	29.000	14.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/018	Pedrido Castiñeiras, Rosa Mª	USC	11.000	31.000	31.000	24.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/044	Picos Sánchez, Fidel	UVigo	12.000	32.000	43.000	10.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/013	Rey Tristán, Eduardo	USC	22.000	35.000	25.000	13.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/004	Rodil Rodríguez, Mª del Rosario	USC	10.000	30.000	37.000	20.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/023	Rodríguez Figueiras, Óscar	USC	10.000	28.000	31.000	28.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/042	Rodríguez Gallardo, Ángel	UVigo	12.000	32.000	33.000	20.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/035	Salgueiriño Maceira, Verónica	UVigo	10.000	29.000	35.000	23.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/046	Sánchez García, Borja	UVigo	12.000	34.000	34.000	17.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/048	Silvar Pereiro, Cristina	UDC	23.000	30.000	0	0	14.5.2014	30.11.2015
EM2014/025	Tomás Carmona, Mª Inmaculada	USC	17.000	35.000	34.000	11.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/056	Vázquez García, Digna	UDC	11.000	32.000	29.000	25.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/047	Vidal Vázquez, Eva	UDC	12.000	31.000	33.000	21.000	14.5.2014	14.5.2017
EM2014/016	Viña Castelao, Mª Dolores	USC	15.000	38.000	40.000	0	14.5.2014	30.11.2016
EM2014/028	Yáñez Bouza, Nuria	UVigo	20.000	43.000	25.000	0	14.5.2014	30.11.2016

Segundo. As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse denegadas ou rexeitadas.

Terceiro. Os beneficiarios deberán remitirle á Secretaría Xeral de Universidades un escrito de aceptación da axuda no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. A non aceptación da axuda no prazo indicado implicará a renuncia á axuda e procederase conforme o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto. A subvención será librada a través da universidade a que pertenza o investigador principal, de acordo coa normativa vixente.



Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 30 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto e do pagamento, acompañada dun informe de seguimento, asinado polo investigador solicitante do proxecto, no cal se detalle o logro dos obxectivos do proxecto. Este informe poderá ser anual ou final. O informe final deberá ser entregado en formato papel e dixital e acompañarase das separatas ou documentos que demostren os resultados xerados polo proxecto.

De acordo co establecido no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social será substituída por unha declaración responsable de cada universidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, unha vez transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Para efectuar o último pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades.

Quinto. O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Sexto. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento admi-



nistrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2014

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

